



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 6 marzo de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

9.- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á MELLORA DA ILUMINACIÓN EN CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19397/333.

Visto o informe xurídico do 24/02/2020 e informe de fiscalización do 26/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/02/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 19397/333 en relación á convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á mellora da iluminación en campos de fútbol da cidade de Vigo, procedeuse ás modificacións que a continuación se detallan:

1. Cláusula décimo sétima, quedando tal como segue:

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

- Anexo I.1: Engadiuse a referencia á Protección de datos e ós seus condicionantes.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 1 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou, na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2019, o plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo, Liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2019/2023.

Este plan de dinamización inclúe entre outras cuestións o desenvolvemento da promoción, dinamización, apoio e fomento da actividade deportiva na cidade de Vigo, que ten entre os obxectivos fundamentais a dinamización dunha oferta deportiva ampla e diversa e a optimización dos recursos destinados á promoción do deporte, incluíndo o desenvolvemento de estratexias de colaboración do tecido deportivo asociativo da cidade que permita implementar sinerxías orientadas á optimización dos usos dos espazos deportivos.

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia dunha significación extraordinaria en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma moi considerable no ámbito do fútbol.

A Concellería de Deportes, está a impulsar proxectos de dinamización deportiva, que potencien as posibilidades para o acceso á práctica deportiva á poboación en xeral da cidade nunhas condicións óptimas de práctica. Neste ámbito, destácase a gran importancia que teñen os clubs e entidades locais como axentes dinamizadores do sistema deportivo nun municipio, os cales promoven sinerxías moi importantes para dinamizar actividades deportivas.

Estas cuestións fundamentan que dende a Concellería de deportes do Concello de Vigo se considere adecuado colaborar na mellora e adecuación dalgunhas das instalacións deportivas da cidade, en concreto nos campos de fútbol vinculados ó desenvolvemento de proxectos deportivos fundamentalmente relacionados co deporte de base, que se desenvolven en campos de fútbol de titularidade privada, pero que supoñen un importante impulso á práctica deportiva na cidade.

O desenvolvemento da proposta fundaméntase na propia actividade das entidades deportivas sen ánimo de lucro da cidade, que veñen desenvolvendo proxectos deportivos de gran arraigo na cidade de Vigo, que inclúen tanto a dinamización do deporte amater en categoría sénior, como o desenvolvemento de programas de dinamización e fomento do fútbol base, a través da dinamización de escolas de fútbol que acollen fundamentalmente a nenos e nenas dos entornos próximos ás propias instalacións.

A relación de colaboración que se establece entre o Concello e as entidades deportivas fundaméntase basicamente na relevancia que para a cidade de Vigo supón o desenvolvemento de proxectos deportivos arraigados na cidade, dinamizados por entidades sen ánimo de lucro que prestan un servizo ó deporte nesta cidade, e representan unha importante actividade deportiva da poboación.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadanas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 2 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- 1-O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- 2-A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- 3-O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- 4-A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.
- 5-Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- 6-Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- 7-Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En base a todos os aspectos expostos, o obxecto do presente expediente, busca establecer unha colaboración entre o CONCELLO DE VIGO e o tecido asociativo deportivo da cidade de Vigo para subvencionar a mellora e reforma de campos de fútbol da cidade, que mellore as condicións de práctica deportiva, en base á relación de complementariedade das actuacións de Concello e entidades deportivas da cidade sobre a promoción deportiva, o cal constitúe unha importante ferramenta de traballo para o desenvolvemento de calquera programa de dinamización e actuación no sistema deportivo na cidade de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo en relación á mellora e adecuación dos campos de fútbol, o Concello de Vigo obrígase a achegar a seguinte contía:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.780.00.11 "axuda investimentos campos de fútbol"	80.000,00 €	2020

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 3 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro destinadas á mellora e adecuación da iluminación dos campos de fútbol da cidade de Vigo e súa convocatoria.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de 80.000,00 € (oitenta mil Euros) con cargo a aplicación orzamentaria 3420.780.00.11 “axuda investimentos campos de fútbol” por un importe de 80.000,00€.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 4 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

BASES DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á MELLORA DA ILUMINACIÓN EN CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a mellora e adecuación da iluminación dos campos de fútbol ubicados no termo municipal de Vigo, mediante a entrega, a fondo perdido, dunha axuda económica ás entidades propietarias que, cumprindo os requisitos desta convocatoria, promovan e executen durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro de 2020, actuacións de reforma da instalación eléctrica e a substitución da iluminación do terreo de xogo.

Esta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa reforma das instalacións eléctricas vinculadas coa iluminación do terreo de xogo en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo, o que contribuirá á dinamización e mellora da oferta deportiva da cidade, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do fútbol en todas as idades, para o cal o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo 25.2 I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) -na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro de 2020, que de xeito determinado correspondan á execución dos proxectos de reforma/substitución da instalación eléctrica vinculada coa iluminación do terreo de xogo, incluídos os gastos financeiros derivados do investimento.

En todo caso, non serán gastos subvencionables:

- 1-Os incrementos do orzamento de gastos que non se tiveran recollido na solicitude achegada.
- 2-Os gastos de mantemento das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvenciona.
- 3-Os gastos que non estean claramente definidos e que non se tiveran reflectido no orzamento e/ou proxecto.
- 4-Os intereses debedores das contas bancarias.
- 5-Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- 6-Os gastos de procedementos xudiciais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 5 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 80.000,00 € (oitenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.780.00.11 "axuda investimentos campos de fútbol"	80.000,00 €	2020

Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS E CONDICIÓNS DOS TERREOS E AS EDIFICACIÓNS:

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, o seu enderezo social en Vigo, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 6 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

4. Condicións dos terreos e as edificacións:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade da propiedade obxecto da actuación.

5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar acollendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

7. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SIXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Presentar proxectos de reforma da instalación eléctrica e substitución da iluminación do terreo de xogo (asinado por un técnico competente para a redacción de dito proxecto) cos requisitos mínimos de calidade detallados no anexo I.3 .
- b) Executar a actuación subvencionada consonte o proxecto presentado coa solicitude.
- c) Dinamizar proxectos deportivos de competición e de formación no ámbito do fútbol vinculados coa instalación obxecto da subvención, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- d) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- e) Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo a través de cartelería elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m, que deberá permanecer na instalación en lugar visible por un período mínimo de cinco anos.
- f) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 7 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA SUBVENCIÓN.

Establécese unha subvención lineal e a fondo perdido aplicable sobre o orzamento do proxecto, cos límites reflectidos na base oitava e como máximo o 100% do orzamento dos proxectos de execución das actuacións subvencionadas, cun importe inicial do 70% do mesmo que poderá incrementarse conforme ó cadro que segue:

Reforma da instalación eléctrica e substitución da iluminación do terreo de xogo:

Pola antigüidade da instalación existente	%
15 anos ou mais	10
Menos de 15 anos	5
Polo volume do programa deportivo desenvolto na instalación.	%
Mais 250 deportistas federados	20
Ata 250 deportistas federados	5

Tal como se establece no art. 19.2 da Lei de subvencións de Galicia, non se fixará un orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, tendo en conta que polo obxecto e finalidade da subvención non é necesaria a comparación e prelación das solicitudes ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Á vista das solicitudes admitidas no procedemento por cumprir cos requisitos establecidos, e no suposto de que o crédito dispoñible sexa insuficiente para atender os límites dos importes inicialmente propostos tras a aplicación dos criterios establecidos para o outorgamento das subvencións, a comisión avaliadora reducirá proporcionalmente estes importes iniciais ata o límite orzamentario da convocatoria.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.

1.- O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función do proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

2.- O importe total da convocatoria distribuirase entre os solicitantes segundo os seguintes límites:

- Ata un máximo de 80.000,00 euros do custo efectivo de execución material en concepto de reforma da instalación eléctrica e substitución da iluminación do terreo de xogo.

O importe máximo a subvencionar por instalación en ningún caso poderá superar os 80.000,00€, nin ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actuación subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 8 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo/a representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Cada entidade poderá unicamente presentar unha solicitude.

A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude asinada electrónicamente polo/a representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

A) Anexos:

- Anexo I.2. Declaración responsable.
- Anexo I.3. Características mínimas dos proxectos.

B) Outra documentación obrigatoria:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 9 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.
- Documentación que acredite a propiedade da instalación obxecto da actuación.
- Licenza de obras ou no seu defecto Comunicación previa ou título habilitante para a realización da actuación.
- No suposto de terreos/instalacións cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades peticionarias deberán presentar, igualmente, a autorización expresa de ditos entes para realizar as obras obxecto de subvención.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Copia da acta de constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno.
- Copia do D.N.I. do presidente da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas coa entidade solicitante na tempada 2018/2019.
- Proxecto de execución da actuación (asinado por un técnico competente para a redacción de dito proxecto), que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.

Cando o importe da actuación subvencionable supere a contía de 40.000 euros (IVE excluído), o solicitante deberá achegar como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria presentarase no momento da xustificación da subvención.

A Concellería de deportes poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 10 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitíranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 11 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actuación subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. *“Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.*

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente a **través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

2.1.-Copia simple da **licenza de obras** ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

2.2.-**Certificado final de obra** asinado por técnico competente e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 12 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

2.3.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que conste a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

2.4.- Outra documentación:

-Anexo II.1 Relación asinada de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/05/2024 11:38

Páxina 13 de 25

SUBVENCIONS

CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

-Anexo II.2. Declaración responsable

2.5.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria 3720.780.00.11, será abonado ás beneficiarias que o soliciten mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos. Para este pago anticipado establécese que as entidades beneficiarias, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán un aval por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quiebra, en concurso de acreedores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quiebra ou de concurso de acreedores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 14 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

2.- O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención. O pagamento realizarase con cargo á partida orzamentaria 3420.780.00.11 do orzamento da Concellería de deportes.

3.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social mediante a presentación das correspondentes certificacións.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONS.

–Perda do dereito ao cobro:

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 15 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- os datos de carácter persoal serán tratados e protexidos de conformidade co Regulamento Xeral de Protección de Datos, respectando, en todo caso, na súa recollida e tratamento os principios relativos ó mesmo (art. 5 e ss RPDP), así como, os dereitos dos interesados (art. 12 e ss RPDP) sen prexuízo da aplicación da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXOS

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN			
Entidade			CIF:
Modalidade :			
Enderezo	Localidade :	CP:	
Tlf. 1	Tlf.2	Fax:	
E-Mail a efectos de notificación			

E na súa representación, co cargo de Presidente/Representante legal:			
Apelidos:	Nome:	DNI:	
Enderezo:	Localidade:	CP:	
Tlf 1:	Tlf 2:	E-mail:	

SOLICITA,

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención por importe de





Concello de Vigo

€ , pola actuación detallada no proxecto adxunto.

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

Anexo I.1: Instancia de solicitude.

- Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.
- Documentación que acredite a propiedade da instalación obxecto da actuación.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Copia da acta de constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno.
- Copia do D.N.I. do presidente da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas coa entidade solicitante na tempada 2018/2019.
- Proxecto de execución da actuación (asinado por un técnico competente para a redacción de dito proxecto), que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.

O/A que abaixo asina declara que:

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia. A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable. A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo a estas bases. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Sinatura do presidente

Selo da entidade

--	--

Vigo , de de 20__

Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 17 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/ Dna.		DNI	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF	

Declara,

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para en relación ó proxecto obxecto da subvención ó proxecto obxecto da subvención do Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

- Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que segundo consta na acta nº da sesión da xunta directiva celebrada na data, D/Dna.....
..... con DNI:
....., figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.

Vigo, de de 20__

Sinatura do secretario/a	Conforme o/a presidente/a	Selo da Entidade
--------------------------	---------------------------	------------------





Concello de Vigo

--	--	--

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna.		DNI:	
Secretario/a da Entidade		CIF:	

DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actuación subvencionada realízase tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actuación que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de€
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actuación subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actuacións subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables de acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria e para coa Seguridade Social.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que esta entidade ten solicitadas, concedidas e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

SÍ	
NON	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 21 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20__

Sinatura do/da secretario/a	Conforme do/da Presidente/a	Selo da entidade:
-----------------------------	-----------------------------	-------------------

ANEXO III.1.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á MELLORA DA ILUMINACIÓN EN CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa reforma das instalacións eléctricas vinculadas coa iluminación do terreo de xogo en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo, o que contribuirá á dinamización e mellora da oferta deportiva da cidade, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do fútbol en todas as idades, para o cal o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) - na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións o financiamento dos gastos vinculados coa reforma das instalacións eléctricas vinculadas coa iluminación do terreo de xogo en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 80.000,00 € (oitenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás partidas orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.780.00.11 "Axuda investimentos campos de fútbol"	80.000,00 €	2020

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, o seu enderezo social en Vigo, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 22 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.

3. Condicións dos terreos e as edificacións:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade da propiedade obxecto da actuación.

4. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar acollendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Cancellaría de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

NOVENA.- PAGO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actuación para a que se concedeu a subvención.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 23 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO III.3.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data (completar unha vez aprobado) de 2020, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á mellora da iluminación en campos de fútbol da cidade de Vigo.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír ó financiamento dos gastos pola reforma das instalacións eléctricas vinculadas coa iluminación do terreo de xogo en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 80.000,00 € (oitenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás partidas orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.780.00.11 “Axuda investimentos campos de fútbol”	80.000,00 €	2020

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, o seu enderezo social en Vigo, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 24 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:38	Páxina 25 de 25
SUBVENCIONS	CSV: A7A44A-EFCBD6-B8C9E5-HECAG7-9G8AX9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		